Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 164. Setembro 2019. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Pechan a piscina cuberta de Melide o non poder prorrogar o contrato

Segundo o goberno, a decisión veu motivada "despois de que os servizos municipais de secretaría e intervención emitisen un informe concluinte de que non se podía continuar prorrogando o servizo e cumprindo coa legalidade". Agora, á espera dunha nova adxudicación, esperan poder reabrir o servizo canto antes. Dende a oposición, o Partido Popular criticou a decisión de pechar as instalacións "deixando na rúa 6 seis postos de traballo". P10

MELIDE
Alertan da estafa da "revista da Garda Civil" na hostalería local P13

COMARCA
Alumnos do colexio Virxe do Portal comezan o curso sen os docentes que pedían P14

LECER
Volve o ciclo de teatro de Charamela do 5 o 26 de outubro P21

ENTREVISTA

Javier López, Peritos Melide P23

Os empresarios ven con acerto o mercamelide no cantón

Tralo éxito acadado, piden que se manteña a edición de verán no centro do pobo e tamén demandan certas melloras en canto aos postos nos que se sitúan. P3

Gandeiros da comarca tratan de evitar os estragos do xabaril

Á desfeita causada polo animal nas fincas hai que sumar o roubo dos pastores eléctricos que os gandeiros instalan para disuadir ao xabaril. P13

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Suicidios. Un tema tabú

Cada 10 de setembro dende o ano 2003 celébrase o Día mundial para a prevención do suicidio con iniciativas en todo o mundo encamiñadas a previr este tipo de situacións.

SUICIDIO. Se a palabra impón os datos son aínda máis dramáticos. Segundo se desprende da memoria do ano 2018 do Imelga (Instituto de Medicina Legal de Galicia), o ano pasado faleceron na nosa comunidade 288 persoas por esta causa. Se ben é certo que por primeira vez dende o 2012 a cifra de suicidios descendeu dos 300 casos, non é un dato optimista. De feito, as vítimas por suicidio en Galicia en 2018 foron máis do dobre que as vítimas mortais en accidentes de circulación (138); unha tendencia que ademais se repite nos últimos seis anos.

Está claro que se trata dun problema social que nos atinxe a todos, non só ao ámbito sanitario e da investigación. Cada vez que temos coñecemento dun suicidio sempre nos preguntamos que sería o que levou a esa persoa a cometer un feito así. Que lle pasaría pola cabeza? É un tema complexo, delicado, mais non por iso debería ser tabú como semella que é na sociedade na que vivimos.

Todos lembramos o que aconteceu co tema das Preferentes. Xente que se quedou sen os aforros de toda unha vida e como única saída optaron polo suicidio. O mesmo ocorreu e segue ocorrendo ante os desafiuzamentos. Tamén cos colectivos profesionais sometidos a unha gran presión (por exemplo no ámbito sanitario), que ante o estrés laboral vén como única vía de escape o suicidio. E son só algúns exemplos. Entón, por que non se fala disto? Por que non se lle dá o tratamento e a cobertura necesaria que merece ao suicidio sabendo ademais que o Sergas o define como "un problema de saúde pública prioritario".

Distribución provincial dos suicidios nos últimos 7 anos en Galicia (Cadro: Imelga)



Agochar un problema non fai que desapareza, sen embargo, os medios de comunicación por exemplo non adoitan cubrir este tipo de informacións máis alá dos casos que xeran morbo aos seus telespectadores, oíntes ou lectores. Pola contra, aspectos como as causas, a prevención, a información, os falsos mitos sobre o suicidio como o de que "o que o quere facer non o di" non se abordan. Todo isto cando ademais profesionais e especialistas coinciden en sinalar que o feito de falar sobre o suicidio cunha persoa que pensou nesta posibilidade nalgún momento, ou mesmo chegou a expresala ou planeala, pode diminuír a súa angustia. Nese caso estariamos axudando a unha persoa que realmente o está pasando mal.

Certo é que en Galicia existe un Plan de Prevención do Suicidio, e que dende que se puxo en marcha, en setembro de 2017, o número de falecementos por suicidio en 2018 foi o máis baixo dende que se ten rexistro no Imelga (ano 2005). Aínda así, faise necesaria unha maior visibilidade deste problema en todos os ámbitos, dende o escolar ata o laboral e por suposto sanitario. Medidas tan simples como unha charla poden axudar a diminuír o sufrimento das persoas que padeceron un intento de suicidio e das súas familias, así como previr e reducir este tipo de situacións.

Tribuna de opinión

Crear emprego

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Como asociación de empresarios unha das cuestións que máis nos preocupa é a creación de emprego. Os datos do paro do mes de agosto na comarca volveron ser positivos, cun pequeno descenso no número de desempregados. Mais non debemos relaxarnos, o descenso é pequeno e a mensaxe de que se aveciña unha nova crise comeza a chegar por todos lados.

Sobre o papel a cuestión parece sinxela; que podemos facer para crear emprego na comarca? Pois potenciar o turismo e seguir explotando o Camiño de Santiago, fomentar o pequeno comercio e seguir pelexando contra as grandes superficies e plataformas de Internet, e ampliar o polígono industrial.

Pero dicimos que sobre o papel a cuestión parece sinxela porque á hora da verdade resulta moito máis complicado. O comercio local sobrevive, e o turismo será pan para hoxe e fame para mañá unha vez que o Camiño de Santiago pase de moda en detrimento de novas rutas. Que nos quedará entón? O parque empresarial; si, un polígono industrial que en Melide ten a súa ampliación paralizada e sen moitas trazas de resolverse.

Meses atrás coñeciamos a posibilidade de urbanizar solo industrial ao lado da autovía A-54 no concello de Santiso. Ese é o camiño para a comarca, crear chan industrial para poder atraer empresas, e ademais chan industrial ben comunicado como é este caso. Non podemos quedarnos ancorados no tempo agardando a que se resolva a situación da Madanela e pensando que ao mellor non hai demanda suficiente para proceder a unha ampliación. A demanda xurde unha vez que se dispón dun polígono con capacidade suficiente, pero se non hai solo industrial non arranxamos nada. E dá igual que ese solo industrial estea en Melide, en Santiso ou en Toques, a cuestión é dispoñer de espazo onde as empresas poidan asentarse.

Un polígono non ten porque acabar con outro, nin coa vida dun pobo, ao contrario, servirá para crear máis emprego e fixar poboación en Santiso, en Melide e en calquera punto da comarca.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Pablo Lorenzo e
Asociación Veciñal Melidá
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

O cambio de localización, “todo un acerto” para o Mercamelide de verán

Posto con afluencia de xente; autoridades provinciais, locais e de Asetem; e animación na rúa

Satisfacción xeneralizada, esa é a sensación unha vez feito balance do primeiro Mercamelide no Camiño celebrado os pasados 9 e 10 de agosto.

Por primeira vez en todas as súas edicións a feira de oportunidades do comercio de Melide trasladouse ao cantón de San Roque, en pleno centro da vila, na súa cita de verán. Pese a que nun primeiro momento as condicións meteorolóxicas apuntaban a que non ían acompañar, finalmente si permitiron o desenvolvemento normal do evento.

Participaron 23 comerciantes aos que o cambio de localización, en termos xerais, pareceu agradar. “Polo menos así nolo fixeron chegar varios participantes que sinalaron como todo un acerto o feito de trasladar o Mercamelide de verán ao centro da vila”, apuntou Pilar López, xerente de Asetem-CCA, quen tamén engadiu a necesidade de mellorar as infraestruturas. “É certo que entre as suxestións dos nosos asociados tamén recibimos a demanda de mellorar os postos con outro tipo de stands que permitan distribuír mellor a mercancía e tamén pechar pola noite con maior seguridade”, dixo, “aínda así, xa nos comunicaron que para vindeiras edicións de verán prefiren continuar con esta modalidade”.

Cumpre salientar que ata o de agora, tanto a feira de oportunidades de inverno como a de verán viñan celebrándose no Palacio de Congresos e Exposicións de Melide; “un amplo e cómodo espazo no que si queremos seguir celebrando o Mercamelide de inverno”, engadiu a xerente de Asetem.

Animación na rúa e actuacións musicais paralelas fixeron que moitos veciños e visitantes se achegasen ata o cantón de San Roque para mercar diferentes produtos aos mellores prezos.

Apoio ao comercio local

Tamén mostrou o seu apoio ao primeiro Mercamelide no Camiño, achegándose ata o cantón de San Roque, o deputado provincial de Promoción Económica, José Blas García Piñeiro, que estivo acompañado polo alcalde de Melide, José Manuel Pérez Penas; entre outros representantes políticos locais, e diferentes membros da directiva da asociación de empresarios melidense entre os que tamén se atopaba o presidente, Manuel Vázquez.

Casa Juanito muda de “Escapárate” na TVG



Resultado final tralo cambio de escaparate

O pasado luns 9 de setembro emitiuse na Televisión de Galicia o primeiro episodio do programa “Escapárate”, un espazo televisivo no que se realiza un cambio de escaparate co obxectivo de potenciar o comercio local. Nese primeiro episodio participou o establecemento melidense Casa Juanito. Ao mesmo tempo que os especialistas foron modificando as súas instalacións puidemos coñecer un pouco máis sobre a súa historia.

Pulo da Xunta á competitividade do sector con case 2,4 millóns

Como cada ano por estas datas a Xunta resolve as axudas de comercio. Nesta edición suman preto de 2,4 millóns de euros e servirán para impulsar a competitividade do sector mediante a colaboración con 53 centros comerciais abertos (CCA) -entre os que se atopa Asetem-, 26 asociacións de praceiros e 13 federacións e asociacións de ámbito superior ao municipal.

O obxectivo é reforzar o papel destas asociacións na dinamización do comercio na actividade das vilas e cidades galegas a través de iniciativas que permiten atraer clientela e mellorar os servizos que se ofrecen aos consumidores.

É preciso destacar que cada CCA pode obter apoios de ata 40.000 euros en función do número de comercios asociados e a poboación da localidade na que estean situados.

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristería MARU

Vodas, comuñóns, bautizos... no día máis especial elixe a confianza e o saber facer de Floristería Maru

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

EMPRENDEDORES EN MELIDE

JESÚS LUACES BURGO

***Centro Auditivo Instituto de la Sordera** (Melide) - Tlfn.: 648 754 761*

“A perda de audición é un problema que se presenta cada vez en idades máis temperás”

Conversamos con Jesús Luaces, presidente e fundador do Instituto de la Sordera, unha persoa pioneira, con máis de corenta anos de experiencia e coñecementos no sector da adaptación de audiófonos en Galicia e Portugal, que recentemente abriu un novo e moderno Centro Auditivo en Melide e que vén de asociarse a Asetem - CCA.

- De cantos centros dispoñen en total?

- Jesús Luaces (J.L.): Con este de Melide son xa 7 os centros auditivos na provincia da Coruña. Os outros gabinetes están en Sada, A Coruña, Pontedeume, Cedeira, As Pontes e Guitiriz.

- Cal é a especialidade do centro que veñen de abrir en Melide?

- J.L.: O Instituto de la Sordera en Melide está especializado unicamente en adaptación de proteccións auditivas (audiófonos), usando as tecnoloxías máis avanzadas para obter uns resultados óptimos na selección do mellor audiófono, sempre adaptado ás necesidades de cada persoa.

- Traballan vostedes cun sistema de medición auditiva concreto, non é así?

- J.L.: Si, no Instituto de la Sordera de Melide exercen a súa actividade diaria profesionais cunha formación continua e moitos anos de experiencia especializados no manexo de equipos de diagnóstico da máis alta calidade, nos que interpretan con precisión as probas auditivas realizadas. Neste senso, o novo sistema en medición auditiva CPCA “Categorización Psicoacústica do Campo Auditivo", que leva funcionando en Alemaña desde hai máis de seis anos cun éxito recoñecido, é a nosa especialidade e marca a diferenza coas demais empresas de venda de audiófonos.

Jesús Luaces, do Instituto de la Sordera, que vén de abrir un novo centro auditivo en Melide (Ronda da Coruña, 34)

- Que ten de característico este sistema?

- J.L.: Con este novidoso sistema os nosos audioprotesistas profesionais titulados poden coñecer e interpretar con precisión de que forma chega o son ao cerebro de cada paciente, con ou sen audiófono, e saber que sensación lle produce ese son. Desta maneira poden medir e axustar o audiófono a cada individuo de forma única e personalizada. É un proceso máis laborioso, pero que merece a pena porque finalmente o audiófono estará adaptado dunha maneira exacta e fiable a cada paciente. Ademais permitirá indicarlle ao usuario cal será a evolución cos seus audiófonos a corto, medio e longo prazo.

- Poderiamos dicir que é un “compromiso de satisfacción total”?

- J.L.: Si. No Instituto de la Sordera os nosos clientes adaptados dispoñen do noso "compromiso de satisfacción total", e se non quedan satisfeitos devolvémoslle o seu diñeiro.

- Que é a perda de audición relacionada coa idade?

- J.L.: A perda de audición relacionada coa idade (presbiacusia), é aquela que ocorre pouco a pouco na maioría das persoas ao envellecer. É un dos trastornos máis comúns que afectan aos adultos maiores e de idade avanzada.

- Cada canto tempo se recomenda realizar unha revisión?

- J.L.: A perda de audición é un problema que se presenta cada vez en idades máis temperás. As autoridades sanitarias recomendan realizar unha revisión auditiva anual a partir dos 50 anos, porque un simple tapón de cerume pode ser a causa de non oír ben.

- Cando se acentúa máis este problema?

- J.L.: Estímase que a hipoacusia afecta a un 5% da poboación mundial e a un 15% en adultos. Estas porcentaxes continúan aumentando a medida que imos cumprindo anos e é a partir dos 65 anos cando estes problemas son máis manifestos. Cumpridos os 80 anos, nove de cada dez persoas sofren de perda de audición. Hai que ter en conta que os problemas de audición poden facer que sexa difícil entender, e tamén poden facer que sexa difícil gozar das conversacións con amigos e familia, o que fai que as persoas se sintan illadas.

- Realizan vostedes unha campaña de revisión auditiva gratuíta

- J.L.: Si. Coa inauguración do noso Centro Auditivo Instituto de la Sordera en Melide poñemos en marcha un ano máis a nosa campaña contra a xordeira, que consiste en realizar a todas aquelas persoas que noten que algo non vai ben coa súa audición unha revisión auditiva completa e totalmente gratuíta. Para iso tan só teñen que solicitar unha cita no número de teléfono 648 75 47 61.

Actividades extraescolares e clases de reforzo na volta o cole

Arranca un novo curso escolar e con el as tan demandadas e necesarias actividades extraescolares, así como as clases de reforzo e apoio. Para iso, Xanela Ocio e Animación ofrece múltiples alternativas, tanto deportivas como de lecer e formativas durante a temporada 2019 – 2020. Fútbol, patinaxe, tiro con arco, zumba, ximnasia de mantemento, baile galego e moderno, teatro, ioga, técnicas de estudo, informática e inglés son só algunhas das actividades que poñen a disposición tanto dos concellos da comarca como de fóra. As condicións polo miúdo, así como os prezos poden consultarse a través do correo electrónico info@xanelaocio.com. Pola súa banda, entre os socios de Asetem tamén se atopa a academia O Pequeno Besbello, que conta entre os seus servizos con clases de reforzo, idiomas e tradución, psicoloxía educativa e actividades educativas. Máis información en pbesbello@gmail.com.

Máis de 720.000 euros para o mantemento de 82 empregos

Un total de 82 empresas da provincia da Coruña manterán na súa plantilla aos traballadores contratados coas axudas do PEL (Plan de Emprego Local), o ano pasado. Trátase dun esforzo inversor de máis de 720.000 € que realiza a Deputación da Coruña nun programa que ten como principal obxectivo apoiar ao tecido empresarial para o mantemento da contratación laboral indefinida en pemes de municipios de menos de 20.000 habitantes. Esta liña de axudas para pemes posibilita a cada empresa beneficiaria o mantemento dun traballador por un período de 12 meses, financiando o programa o 50% dos custos salariais totais da persoa traballadora, cun importe máximo de 11.000 euros. Atendendo ao tipo de negocio a maioría dos beneficiarios son microempresas (60,97%), e empresarios individuais ou autónomos (26, 83%). A porcentaxe restante, o 12,20% das solicitudes concedidas, corresponde a pequenas e medianas empresas (de 11 a 50 traballadores).

Axudas á contratación para que as empresas se internacionalicen

Ata o 29 de novembro está aberto o prazo de solicitude das axudas dirixidas a empresas e organismos empresariais para a contratación de xestores de comercio exterior para o desenvolvemento de proxectos de internacionalización. Estes apoios contan cun orzamento dun millón de euros para contratar a 50 mozos e, como novidade este ano, tamén a maiores de 45 anos en situación de desemprego que conten con experiencia neste campo. O obxectivo deste programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia é impulsar a internacionalización das empresas galegas e ao mesmo tempo facilitar a incorporación ao mercado laboral de profesionais neste ámbito. Deste xeito, a iniciativa busca facilitar ás pemes galegas o acceso a novos mercados poñendo ao seu alcance axudas para contratar profesionais con formación en internacionalización empresarial. Os apoios poden cubrir o 70% do salario neto por un máximo de 15 meses ou o 80% do salario neto no caso da contratación de mulleres ou mozos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Admitirase a posibilidade de contratación de ata dous xestores por empresa.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

En moitos asuntos laborais pódese comprobar que se esconde e se produce, con máis frecuencia do que en principio se cre, unha situación de acoso. Esta figura constitúe un delito que comete o que no ámbito dunha relación laboral ou funcionarial abuse da súa relación de superioridade para realizar contra outra persoa e de forma reiterada actos hostís ou humillantes que, sen chegar a ser un trato degradante, si supoñan un grave acoso contra a vítima. A pena prevista para estes actos é a prisión de seis meses a dous anos.

Este tipo de conductas en ocasións tamén se concreta en actos de acoso sexual, que é o delito que se comete cando nunha relación continuada ou habitual, de tipo laboral, docente ou de prestación de servicios, o autor solicita favores de natureza sexual para si mesmo ou para un terceiro, de forma que lle cause á vítima una situación hostil, humillante e intimidatoria. Neste caso, castígase tamén que o culpable abuse da súa posición de superioridade, ou ben lle comunique á vítima de forma expresa ou indirecta a súa intención de causarlle un mal relacionado coas expectativas lexítimas que esta poida ter no ámbito da relación laboral.

Trátase de evitar e castigar todas aquelas conductas que no ámbito laboral supoñan crear situacións que por ser obxectivamente intimidatorias e humillantes afecten á integridade moral de quen as padece. O acoso componse de actos seguidos e persistentes, que se reiteran durante a relación laboral, non actuacións illadas ou puntuais. E se pola súa definición parece que é evidente a que tipos de comportamentos se refire a norma, na realidade os límites non sempre son claros e atopámonos con moitas dificultades para probar a situación de acoso que sofre a vítima. Pois nun gran número de casos trátase dunha violencia velada, sutil, que pouco a pouco vai degradando ó traballador e que lle afectan no desempeño da súa actividade. Pode tratarse, por exemplo, de sometelo a cambios organizativos inxustificados, que carecen de valor produtivo e que unicamente se empregan como medida de castigo ou de presión da vítima. Isto ocorre con bastante frecuencia cando se vai privando ó traballador de tarefas, funcións ou de medios para o desempeño da súa labor, coa intención de illalo e que acceda á presión e ás peticións de quen acosa ou ben decida poñer fin á relación laboral como única vía a escapar do acoso, aforrándolle así á empresa a indemnización que debería abonarlle por un despido improcedente, por exemplo. No ámbito da administración, o acoso prodúcese en bastantes ocasións por razóns de vinganza persoal ou motivos ideolóxicos.

En calquera caso, e salvo casos moi concretos de discriminación, a proba do acoso corresponde a quen o denuncia. Esta é a maior dificultade coa que se atopan os denunciantes: demostrar a realidade que padecen no traballo. O acoso prodúcese case sempre de forma case imperceptible a ollos dos demais, sen case rastro nin constancia. Por esta razón, convén asesorarse debidamente antes de iniciar un procedemento destas características ou ben antes de adoptar calquera tipo de decisión no ámbito da relación laboral. Compre identificar previamente ante que tipo de actuación nos atopamos, se é constitutiva ou non de acoso e recoller o maior número de probas posibles que nos permitan demostralo.

A proba non está limitada en tanto sexa lícita e pode obterse por diferentes medios: o testemuño dos compañeiros da vítima que presencien ou teñan coñecemento da situación ou de actos concretos de acoso, os informes médicos e psicolóxicos que acrediten a afectación á saúde do traballador, as denuncias previas que no seu caso existan ou ben as comunicacións que existan entre a vítima e o acosador por calquera medio que poidan ser indicio da súa existencia. En poucas ocasións imos dispoñer de probas escritas, como correos electrónicos. Por esta razón debemos recordar que tamén son válidas como proba as mensaxes enviadas por WhatsApp ou outras redes sociais así como as gravacións das conversacións entre o acosador e a vítima.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

EMPRENDEDORES EN MELIDE

DIEGO FERNÁNDEZ MATO, *Mecánico*

Polígono da Madanela, Parcela 23 - (Melide) - Tlfn.: 626 430 275

“As reparacións que máis fago teñen que ver coas medidas anticontaminación”

Como mecánico traballou durante varios anos en diferentes empresas, pero pola súa conta cumprirá dous anos en novembro. Recentemente asociado a Asetem, explica Diego que se decidiu a emprender “porque a verdade é que sempre tiven ganas de ter un taller”. Ademais, eran moitos os que demandaban os seus servizos.

- Como comezou?

- Diego Fernández (D.F.): Tiña traballo, e iso sumado a que había bastante xente que me solicitaba, e que tamén quería ter o meu propio taller, fixo que me decidise a mirar a maneira de abrir. Busquei entón unha nave, xuntei as ferramentas que xa tiña e outras que fun comprando, e abrín. Así foi como comecei pola miña conta.

- Que balance fai deste tempo?

- D.F.: A verdade é que de momento moi ben. Teño bastante traballo, xa é raro ao abrir un negocio, pero bastante ben.

- Que servizos presta?

- D.F.: Electromecánica en xeral, tanto de automóbil, como industrial e agrícola. É dicir, realizo todo tipo de reparacións en vehículos e de electricidade ou mecánica, en calquera vehículo, sexan coches, motos, tractores, camións... E non só no taller, se necesitan os meus servizos nun punto determinado tamén fago desprazamentos para reparar avarías, abonda con chamarme por teléfono.

- En que zonas presta os seus servizos?

- D.F.: Sobre todo na comarca e arredores.

- Fanse máis reparacións hoxe en día?

- D.F.: Eu o que percibo é que se intentan reparar máis cousas que non se poden reparar, quero dicir, é máis a idea de “a ver se vai tirando”, “a ver se non rompe”. Creo que tendemos máis a iso, a estirar no tempo unha reparación que ao mellor se tiña que haber feito antes.

- É habitual que lle traian coches novos ao taller para facerlles algún tipo de reparación?

- D.F.: Non é o máis habitual, pero é certo que algún sempre vai habendo. Hai que ter en conta que os coches novos entre que é raro que fallen e que teñen unha garantía grande, pois é raro que pasen polo taller antes dos seis anos máis ou menos.

- Cal adoita ser a reparación máis demandada?

-D.F.: Fallos electrónicos, sobre todo os que teñen que ver coas medidas anticontaminación. Hoxe en día é o que máis problemas está dando; medidas anticontaminación, inxeccións, e ese tipo de cousas. E no caso contrario, entre o que menos me demandan quizais estean os mantementos; cambios de aceite, etc.

- Compensa arranxar un coche?

- D.F.: Hoxe en día a verdade é que resulta bastante caro, ao igual que manter un coche. Iso si, se es unha persoa que acostuma ter o mantemento ao día, quizais sexa menos caro porque se a un coche lle fas todo cando lle pertence ao final dará menos problemas. Pero é o que che comentaba antes, moitos optan polo “a ver se vai aguantando”, e no momento no que estamos, que todo vai electrónico e unha cousa está comunicada con outra, ao final cando hai un fallo, ese arrastra outro, e provócase outra avaría, e a iso hai que sumar que as pezas tamén son máis caras agora que anos atrás polo tema da electrónica, e ao final a reparación non sae nada económica.

- Como ve o mercado dos coches eléctricos?

- D.F.: A miña impresión é que si, que imos cara iso, que nos intentan levar aí e claro que nos adaptaremos a ese mercado. Pero tamén teño claro que aínda falta moito para que un coche eléctrico sexa capaz de prestar o servizo que prestan os outros coches, sobre todo en canto ao tema das autonomías.

SABER DE LEI

Indemnización por accidente de tráfico

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

As indemnizacións por accidentes de tráfico son moi habituais pola cantidade de accidentes que se producen nas nosas estradas. Pero en moitas ocasións descoñecemos que temos dereito a ser indemnizados ou cal é o procedemento a seguir.

Son indemnizables tanto as lesións como as secuelas que nos queden do mesmo. O primeiro que debemos facer é un escrito á aseguradora do responsable do accidente aportando o atestado, os informes periciais, partes médicos…

Quen pode reclamar en caso de accidente? Por un lado os condutores dos vehículos implicados, salvo o culpable exclusivo do mesmo; os ocupantes dos vehículos (incluído os ocupantes do vehículo exclusivamente culpable); os peóns e terceiras persoas alcanzadas polo sinistro, e no caso de que se dean vítimas mortais poderán reclamar os familiares prexudicados da vítima (cónxuxe, parellas de feito, descendentes, ascendentes, irmáns, achegados). A aseguradora poñerase en contacto coa vítima para que os seus médicos valoren as lesións (algo o que a vítima non se pode negar). Tras esta valoración a aseguradora enviaralle á vítima unha proposta de indemnización desglosada e motivada.

A valoración das lesións e das secuelas, tanto físicas como psicolóxicas, faise de acordo coa Lei 35/ 2015 de 22 de setembro, que establece o baremo de accidentes de tráfico. As cantidades vanse actualizando anualmente. O cálculo é complexo debido ás táboas que teñen en conta os días de baixa (impeditiva ou non impeditiva), as secuelas (poden incluír menoscabos funcionais, anatómicos e estéticos), gastos sanitarios, danos materiais, e en casos de falecemento a indemnización trata de cubrir a dependencia económica respecto da vítima.

A primeira vía a empregar nestes casos é a vía extraxudicial, que sempre é a máis beneficiosa para ambas partes. As aseguradoras por norma xeral sempre intentan chegar a un acordo co afectado. Ás veces a diferenza da cantidade a percibir como indemnización pode ser a mesma que a que se obtería por vía xudicial, ou algo menor, ou considerablemente inferior; só neste último caso sería conveniente acudir á vía xudicial, xa que se a diferenza non é moi notoria na maioría das ocasións non compensaría debido a que é un proceso longo e custoso, de aí o dito que moitas veces compensa máis un mal acordo que un bo xuízo. Pero se aínda así como afectados ou vítimas dun accidente de tráfico non estamos de acordo coa oferta motivada que nos fai a aseguradora, poderemos acudir o Instituto de Medicina Legal, onde de maneira imparcial valoran as lesións e dan o informe tanto á vítima como á propia aseguradora. Nos casos nos que esta valoración sexa concordante coa da aseguradora as posibilidades de obter sentenza favorable na vía xudicial son bastantes poucas. Pero poderíase acudir a dita vía, e para iso sería necesario que a vítima acudise a un perito privado que el mesmo se costearía.

Seguramente en moitas ocasións se nos pasou pola cabeza ou saíu a debate en moitas sobremesas: que ocorre se a persoa que vai conducindo baixo os efectos do alcohol ou de drogas ten un accidente? Cobre o seguro obrigatorio estes accidentes? Pois ben, se o condutor que provoca o sinistro vai ao volante baixo o efecto de alcohol ou drogas a súa aseguradora fará fronte ás indemnizacións pertinentes dos afectados do mesmo, ben sexa aos outros ocupantes do vehículo que ocasionou o accidente ou ben sexa a peóns ou terceiras persoas alcanzadas no mesmo, como os posibles ocupantes do vehículo co que colidiu. Pero unha vez que o condutor que deu positivo en alcohol ou drogas sexa condenado por sentenza xudicial por un delito contra a Seguridade do Tráfico, a aseguradora vai exercer contra el o dereito de repetición no prazo de un ano, co fin de reclamarlle as contías económicas desembolsadas para indemnizar aos prexudicados, algo que podería deixar na ruína, xa non só procesal ou anímica, ao condutor condenado, senón na ruína económica, xa que hai que partir da base de que as contías das indemnizacións son polo xeral elevadas. Isto ocorre porque as aseguradoras establecen nas pólizas do seguro unha cláusula de exención de responsabilidade para estes casos de condución baixo os efectos de alcohol, drogas, tóxicos, estupefacientes ou sustancias psicotrópicas.

É de interese mencionar que a aseguradora ten un prazo de tres meses para pagar ou consignar a indemnización, xa que no caso contrario esta empezará a devengar xuros que serán equivalentes ao interese legal dos cartos (3% en 2019), incrementado no 50%. No caso de que o impago persistise por máis de dous anos, o interese non poderá ser inferior ao 20%, conforme o art. 20 da Lei do Contrato de Seguro. Como vemos, existen moitos elementos a considerar ao reclamar unha indemnización por accidente de tráfico. Por iso é recomendable poñerse en contacto cun especialista na materia para preparar a reclamación.

ANA MATO SALGADO. *Especialista en valoración de danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación*

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

EMPRENDEDORES EN MELIDE

FRANCISCO SÁNCHEZ E JAVIER VIGO

Carnicería Maruja *(Rúa Peregrinos - Melide) - Tlfn.: 610 66 67 04*

"Vendemos unha tenreira que seleccionamos casa a casa, en granxas pequenas da comarca"

Francisco Sánchez e Javier Vigo –dono e empregado respectivamente– colleron as rendas de Carnicería Maruja o pasado 1 de xullo; un dos establecementos con máis tradición en Melide. O seu obxectivo, manter esa tradición e ao mesmo tempo innovar sen perder un ápice de calidade.

Javier Vigo e Francisco Sánchez no establecemento Carnicería Maruja de Melide

- Como é que se decidiron a coller as rendas de Carnicería Maruja?

- Francisco Sánchez (F.S.): Os dous vimos deste oficio, consideramos que era a carnicería máis típica do pobo e como se puxo en traspaso pois decidimos meternos aquí, a ver se podiamos innovar un pouco e ao mesmo tempo seguir coa tradición da carnicería, e tamén do pobo.

- Que tipo de carnes traballan?

- F.S.: Traballamos carne de tenreira, carne de porco, polo, coello, tamén facemos elaborados de todo tipo como por exemplo hamburguesas de tenreira, de criollo e de polo; tamén pinchos morunos, raxo de polo, raxo de porco, rusos, nuggets, panceta adobada, brochetas de polo e de tenreira, turnedó, e moito máis.

- Ademais de atender en tenda, levan a domicilio?

- F.S.: Tamén levamos a domicilio, aínda que non sexa o predominante; e logo facemos algo de servizo de hostalería e tamén por encarga.

- Na actualidade cómprase máis ou menos carne que antes?

- F.S.: Quizais o sector está indo máis cara os elaborados. Case diría que o corte típico de carne está diminuíndo, máis que nada porque a xente moza de hoxe en día non cociña tanto como as nosas nais e as nosas avoas, que adoitaban pedir máis carne para cociñar, asar, preparar, etc. Agora quizais non se fai tanta cociña, que aínda que hai xente que si, a xente moza o que quere é o produto máis elaborado para chegar e fritir ou meter ao forno e podelo facer xa. E outra cousa que si que noto é que houbo unha tendencia en canto a que hai anos a xente ía a comprar a carne aos grandes supermercados máis ca do que vai agora, agora noto que a xente está máis desencantada coa carne de hipermercados e grandes superficies, que adoitan ser carnes que veñen de criadeiros e cebadeiros, e nese senso si que vexo que hai xente moza que cando quere comer unha boa carne e de calidade prefire mercala na carnicería de sempre, na do pobo.

- Que é o que máis venden?

- F.S.: Nós o que máis vendemos é a carne de tenreira. Hai que destacar que vendemos unha tenreira que seleccionamos casa a casa en granxas pequeniñas de dez, vinte ou trinta vacas, nas que aínda se crían os tenreiros como antigamente, mamando leite ata aproximadamente os sete meses. Non matamos tenreiros que teñan máis de oito meses, e se poden ser femias mellor para que a carne sexa rosada e branda. Non compramos nunca tenreiros en cebadeiros nin en matadoiros que os poidan servir, senón nesta zona, na comarca. Logo dentro da tenreira a carne máis demandada quizais sexa o bisté, a croca e a babilla, que son partes moi brandas; e despois a agulla, e os entrecots e as chuletas tamén se venden moito. Tamén estamos vendendo moito os produtos elaborados derivados da carne de tenreira.

- Tanto oír falar da "listeria" durante o verán que é pregunta obrigada. Son frecuentes ese tipo de situacións ou cre que é máis o barullo que se fai nos medios de comunicación?

- F.S.: Se che digo a verdade eu non vexo moito a tele, e tampouco leo moito a prensa, prefiro ler outro tipo de informacións. O que si podo dicirche é que ao final estamos falando da alimentación, e cando se trata da alimentación sempre hai que ter todos os medios hixiénicos necesarios a disposición para que non contaxiemos a ninguén. Tamén creo que son situacións que non se dan en carnicerías pequenas, onde sempre traballamos con produtos frescos.

- Carnicería Maruja foi un establecemento con traxectoria en Melide. Foilles complicado manter a clientela?

- F.S.: A verdade é que para nós foinos fácil. De feito teño que dicir que á parte da boa clientela que tiña Carnicería Maruja, nós estamos collendo clientes novos e mantendo os que xa había de antes. Ademais vemos que os clientes seguen encantados coa calidade da carne.

- Entendo que están contentos entón?

- F.S.: Moito, a verdade.

- Como curiosidade xa para rematar; á hora de mercar como sabemos cando unha carne é boa?

- F.S.: A ver, é complicado porque un cliente particular que non é un profesional da carne non vai saber se a carne vista nun mostrador de calquera carnicería ou supermercado é boa ou non, só pode confiar no carniceiro que lla vende. Pero onde non hai lugar a erro e onde non se pode enganar a un cliente é na cociña, cando este fai a carne e a leva á boca. Aí o cliente si vai a saber se é unha carne boa ou non.

O comercio local premia aos máis pequenos

A Federación de Comercio de A Coruña pon en marcha unha campaña de sensibilización sobre a importancia do comercio de proximidade en lugares pequenos e cidades. Trátase da terceira edición do concurso escolar *Os pequenos co pequeno comercio*.

Poderán participar todos os rapaces e rapazas da provincia da Coruña con idades comprendidas entre os 12 e os 13 anos (estudantes de 1º e 2º da ESO), presentando os seus vídeos, dun minuto de duración como máximo, no que conten unha historia relacionada co comercio local do seu barrio.

Entregaranse un total de 20 premios (que van dende os 100 ata os 300 euros), en diferentes categorías. O prazo de entrega dos traballos rematará **o 3 de outubro** e os premiados daranse a coñecer o 9 de outubro. Máis información en www.videocomerciocoruna.es.

Pola súa parte, **entre os días 1 e 20 de outubro**, ambos incluídos, celebrarase a edición de outono dos *Días Azuis* que organiza a Federación Galega de Comercio. Sortearanse 16.200 euros en premios e a dinámica de participación será a de sempre: mercar nos establecementos do comercio de proximidade galego e rexistrar a compra e fotografía do tícket. Máis información en www.diasazuis.com.

C/RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Pechan a piscina cuberta porque non se podía prorrogar o contrato

O goberno local traballa para reabrir o servizo "canto antes e conforme á lei", mentres o PP critica a decisión

Dende o pasado 3 de setembro a piscina climatizada de Melide está pechada ao público. A decisión, segundo comunicou o edil de Deportes e tenente alcalde, José Prado (PSdeG-PSOE), tomouse "despois de que os servizos municipais de secretaría e intervención emitisen un informe concluinte de que non se podía continuar prorrogando o servizo e cumprindo coa legalidade".

Ante isto, a única solución foi o peche temporal das instalacións ata proceder a unha nova adxudicación. "O peche veu motivado porque o anterior goberno municipal –coa popular Dalia García ao fronte– deixou pasar o prazo para unha nova adxudicación por dúas veces. Unha, ata o 3 de setembro de 2018, data do fin do contrato de catro anos de duración; e outra, o ano actual de ampliación do servizo, acordado co fin de proceder a unha nova adxudicación que non se fixo", explicaron dende o concello.

Apertura "na maior brevidade posible"

Preguntado polos prazos para abrir de novo a instalación deportiva, Prado asegurou que "traballamos para que se abra no menor tempo posible, se a cerramos foi porque atendendo á legalidade non nos quedou outra forma de proceder, e desde que se cerrou buscamos a forma de abrir o antes posible buscando sempre unha xestión eficaz", asegurou.

Críticas da oposición e recollida de firmas

Pola súa parte, dende o Partido Popular criticaron a decisión de pechar as instalacións e aseguraron que "o que demostran os feitos é que co goberno do Partido Popular a instalación sempre estivo aberta: garantido o servizo e os postos de traballo. As cuestións administrativas son algo secundario para as cales os veciños e veciñas de Melide confían no goberno para a súa solución". Para a voceira popular, Dalia García, ademais, manter a piscina aberta é "cuestión, tan só, de vontade política".

Pero a cousa non quedou aí, tal foi a indignación dos populares ante o peche da piscina cuberta que iniciaron unha campaña de recollida de firmas a través da plataforma change.org para pedir a súa apertura e a readmisión dos traballadores. Ao peche desta edición levaban recollidas 181 sinaturas.

Sobre esta campaña pronunciouse o edil de Deportes. "Paréceme unha falta de criterio político e de vergonza enormes –dixo Prado–, que quen permitiu nos últimos catro anos un servizo deplorable se dedique agora a recoller firmas, é totalmente surrealista. Cando se recollían firmas polo mal mantemento da piscina dicían que a xente estaba manipulada politicamente. O único responsable de que a piscina estea pechada é o goberno anterior, e cando falan dos postos de traballo, quen puxo en risco os postos de traballo foron os pésimos xestores. Nós queremos que a piscina funcione ben, e que en vez de 6 postos de traballo oxalá haxa 12, esa é a mellor garantía de traballo, que a piscina funcione ben, e para que funcione ben a piscina abrirase respectando a lei, os regulamentos, e os convenios laborais, máis claros non se pode ser e máis comprometidos tampouco. É unha mágoa que non lles preocupen así os postos de traballo do parque empresarial e a credibilidade do polígono industrial".

En calidade de voceiro de Adiante Melide tamén se pronunciou a este respecto Xosé Igrexas, quen tildou de "gracioso" o feito de que recolla firmas "o grupo político que é causante deste problema".

Aberta a matrícula para o Conservatorio

Agardan que o curso comece este ano en tempo e forma

Salvo imprevistos, dende o goberno local agardan que o curso no conservatorio municipal de Melide comece "segundo o calendario escolar con todos os docentes xa incorporados", así o sinalou a concelleira de Educación, María Jesús Iglesias.

"Dende a nosa incorporación ao goberno local no mes de xullo puxémonos a traballar, primeiro poñéndonos en contacto coa dirección do Conservatorio para saber cales eran as disciplinas que había que cubrir, e onde atopamos unha total e absoluta colaboración, e despois, dende o Concello", explicou a concelleira de Educación, quen destacou a "dilixencia dos traballadores do Concello, tanto na administración como na tramitación para a selección dos profesores", para que se puidese iniciar o curso dentro dos prazos fixados.

A este respecto, Iglesias sinalou como "unha falta de vontade" que nos últimos anos o curso no conservatorio municipal non empezase tal e como fixa o calendario escolar. "Para nós era unha prioridade, primeiro porque é unha ensinanza regrada, e segundo porque era un auténtico despropósito que se pagasen as matrículas en prazo e que non empezasen as clases".

Matrícula aberta para máis de 20 especialidades

Ata o venres 13 de setembro aínda está aberto o prazo para realizar a matrícula dentro das ensinanzas musicais do conservatorio municipal para o curso 2019/2020. As persoas interesadas en realizar a matrícula poden facela no edificio multiusos en horario de mañá (dende ás 9h ata as 14h), e de tarde (de 16h a 19h).

No apartado de corda o Conservatorio Profesional de Música de Melide impartirá violín, viola, violonchelo e contrabaixo. En canto ao vento madeira: frauta, clarinete, saxo e óboe. En vento metal: trompeta, trompa, tuba e trombón. Tamén haberá solfexo, percusión, piano, harmonía, guitarra, gaita, canto e acordeón.

Axudas de 300 euros para o fomento da natalidade

Un ano máis a Xunta de Goberno Local do Concello de Melide aprobou a axuda de 300 euros por fillo para beneficiar ás familias que, dende o 30 de outubro de 2018 e ata o vindeiro 31 de outubro de 2019, tivesen ou vaian ter fillos ou fillas e os empadroen na vila.

Trátase dunha medida que se pon en marcha por terceiro ano consecutivo e coa que se pretende fixar poboación ao mesmo tempo que se axuda aos veciños e veciñas que deciden ampliar a súa familia e afincarse en Melide.

Requisitos

Serán Servizos Sociais, xunto cos propios interesados, os encargados de xestionar esta axuda que terá que cumprir estritamente co regulamentado: as familias que teñan ou adopten fillos/as no período comprendido entre o 30 de outubro de 2018 e o 31 de outubro de 2019 terán que empadroalos en Melide xunto cun dos seus proxenitores que a súa vez debe estar rexistrado na vila cunha anterioridade mínima de 6 meses. Ao recibir a axuda, o particular estará obrigado a permanecer empadroado xunto co menor por un período de 4 anos.

O prazo para presentar solicitudes rematará o 15 de novembro, e a partida orzamentaria para facer fronte a esta liña de axudas é de 15.000 euros.

Manipulan a comporta e deixan 500 metros do Furelos sen caudal

Fotos: ATRF

A Asociación de Troiteiros Río Furelos denunciou unha nova manipulación por parte "dalgúns desaprehensivos" na comporta da presa da praia fluvial de Melide que provocou que o caudal do río Furelos quedase "practicamente seco nun treito de arredor de medio quilómetro".

No seu escrito o colectivo denunciou ademais que "non se tratou de ningún fenómeno natural, nin desgraciadamente illado", xa que como aseguraron teñen "constancia documental de ter denunciado repetidamente esta situación dende xuño de 2005", sendo a última vez en decembro de 2017. "Estas denuncias fixémolas perante a Garda Civil para tentar dar cos autores da desfeita, e ao mesmo tempo perante o Servizo de Conservación da Natureza, Augas de Galicia e o Concello, este último único responsable de instalar nas comportas sistemas de seguridade que impidan a súa manipulación", engadiron.

Con esta nova manipulación, que achacan a un posible acto de furtivismo, para o colectivo de pescadores quedou demostrado unha vez máis que o sistema de cadeado co que se fixa a comporta "non garante a seguridade", e criticaron que incluso tres días despois do atentado medioambiental que baleirou o río a comporta seguise "sen ningún sistema de seguridade".

Ante esta situación decidiron solicitar informes á Policía Local Municipal sobre o estado das comportas, e ao Concello de Melide "que poñan en marcha as medidas necesarias para garantir unha maior seguridade" en ditas comportas.

Melloras na EDAR cun sistema de control de calidade dos vertidos

EDAR de Melide (GSV)

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia adxudicou as obras de mellora na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Melide, consistentes na execución dun novo bypass no desaireador-desengraxador e a instalación dun novo sistema de control de calidade das verteduras.

A intervención de Augas de Galicia conta cun investimento autonómico de preto de 45.000 euros, dispón dun prazo de execución de 3 meses e foi adxudicada á empresa S.A. de Obras y Servicios Copasa.

Adxudican por 50.000 euros as obras do parque infantil do cantón de San Roque

A actuación completará os traballos previos de humanización

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda adxudicou por máis de 50.000 euros as obras de mellora e acondicionamento da zona de ocio infantil do Cantón de San Roque.

A actuación completará os traballos de humanización urbanística que se executaron a principios de ano, en base a un convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a entidade local.

No cantón de San Roque realízanse multitude de actividades (T.M.)

Na súa visita a Melide para comprobar a remodelación do cantón de San Roque hai uns meses, a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, lembraba a necesidade dun espazo de ocio dedicado integramente para o goce dos máis pequenos como "unha vella demanda dos veciños do cantón". Naquel momento sinalou que para darlle resposta, o seu departamento e o Concello de Melide mobilizarían a maiores un total de 113.341 euros. Desa cantidade, a Consellería achegaría o 70 por cento do custo total –uns 80.000 euros-, e o Concello a cantidade restante -50.000 euros-.

Características

Agora, trala sinatura do contrato a empresa adxudicataria xa pode iniciar os traballos de sinalización da zona na que se levará a cabo a actuación, e que consistirán na instalación dun carrusel xiratorio, dúas torres modulares con tobogán, rocódromo, barras de escalada e de bombeiros, e un gran xogo central composto por unha rede bidimensional con estrutura metálica e tobogán incorporado. Tamén está prevista a instalación de caucho no solo do parque para amortecer as posibles caídas dos nenos cunha superficie adaptada a estes espazos, así como a colocación de paneis informativos nos dous puntos de acceso.

Dous cans de raza perigosa atacan unha anciá de 89 anos

Rúa Sabian (GSV)

Unha veciña de Melide de 89 anos, segundo informou a Garda Civil, tivo que ser evacuada o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago tras sufrir o ataque de dous cans de raza *american stafford*, considerados como de raza perigosa.

Segundo transcendeu posteriormente, a anciá foi atacada nas inmediacións da rúa Sabian polos dous animais sufrindo mordeduras e feridas de diversa consideración. Uns ciclistas que pasaban por alí acudiron no seu auxilio conseguindo afastar os cans da vítima.

Tralo sucedido a anciá recupérase das feridas no hospital de Santiago onde, segundo fontes hospitalarias, evoluciona favorablemente.

Pola súa parte, os animais, que ao parecer ían sen bozo, foron trasladados á canceira municipal de Melide a disposición do xuíz que leva o caso.

Consultas xerais, e sen incidencias no Punto Violeta do Caralampio

Dende o Concello fan un balance positivo da iniciativa que atendeu sobre todo a xente moza

"Consultas xeneralizadas" e curiosidade sobre todo "por parte da xente moza", ese é o balance do primeiro Punto Violeta instalado dende o Concello de Melide, a través da súa Concellería de Política Social, con motivo da celebración da festa do San Caralampio.

Foto: T.M.

A iniciativa, coa que se pretendía "educar, sensibilizar, visibilizar e incentivar a resposta cidadá de rexeite e denuncia activa ante calquera tipo de agresión sexista, así como apoderar e acompañar ás mulleres", tivo unha moi boa acollida por parte da cidadanía. "A verdade é que ao principio estabamos un pouco dubidosos por como sería a acollida, pero finalmente tivo moito éxito e foi un día que transcorreu moi tranquilo e baixo o planificado, estamos contentos co resultado", sinalou Carmen Liñeira, concelleira de Política Social.

Liñeira destacou ademais que "non houbo ningunha incidencia importante que tivemos que afrontar dunha maneira distinta a unha consulta habitual". Neste senso, as dúbidas máis frecuentes entre os usuarios e usuarias que se achegaron ao Punto Violeta durante a xornada festiva estiveron relacionadas coa "información que tiñamos no posto sobre os servizos sociais en xeral". Así mesmo, o tramo dei idade dos máis interesados en achegarse ao Punto Violeta situouse sobre todo entre os vinte e os trinta anos. "Foi sobre todo a xente xoven a que máis se interesou e preguntou", engadiu Liñeira.

Ademais de concienciar sobre o feito de que "as relacións afectivas teñen que ser sempre consentidas e libres", o Punto Violeta instalado durante o San Caralampio tamén ofreceu información sobre o Centro de Información á Muller do municipio. Os encargados de trasladar toda a información foron técnicos e profesionais dos servizos sociais de Melide acompañados de voluntarios.

Máis de 6.000 persoas visitaron a oficina de turismo en agosto

Os datos sobre o turismo que deixa o mes de agosto na vila de Melide volven ser satisfactorios, e é que en total foron 6.468 as persoas que se achegaron á oficina de Turismo situada na parroquia de Furelos durante o mes anterior.

Ata o 31 de agosto, do total dos visitantes 4.557 persoas foron españolas, 1.214 procedían de diferentes países de Europa e 697 doutros países do mundo.

En canto ao día a día, pasaron pola oficina unha media de 209 persoas ao día aproximadamente, a gran maioría procedentes de España (147).

Preto de 12.000 visitas dende o 1 de xullo

Segundo se desprende do informe de agosto dos técnicos de turismo melidenses, a oficina de turismo en Furelos atendeu a un total de 11.996 persoas dende que abriu as súas portas o 1 de xullo e ata o 31 de agosto. Destes, 8.199 (68%), procedían de diferentes lugares de España; mentres que 2.189 (18%) procedían de países europeos. Aqueles que viñan doutras partes do mundo foron un total de 1.608 (14%).

Cumpre salientar así mesmo que en comparación ao mesmo período do ano anterior produciuse un crecemento moderado do número de visitantes, 1.737 persoas máis, pasando de 10.259 en 2018 a 11.996 visitantes en 2019.

As actividades das Escolas Deportivas e Culturais para o curso 2019-2020 comezarán en outubro

No mes de outubro o Concello de Melide poñerá en marcha as actividades das Escolas Deportivas e Culturais para este curso 2019/2020, cunha ampla oferta de actividades tanto culturais como deportivas.

Os veciños e veciñas de Melide, atendendo ao seu grupo de idade, poderán escoller entre as seguintes modalidades:

IDADE ESCOLAR:
Desde os 3 ata os 16 anos
Teatro, pintura, ballet clásico, cociña, baile moderno, robótica, psicomotricidade, atletismo, fútbol sala, bádminton, baloncesto, patinaxe artística e xadrez.

PÚBLICO ADULTO:
Maiores de 16 anos
Pintura, fotografía, vídeo con móbil, costura, bailes de salón, cociña, hipopresivos, escola de espalda, Trx, body pump, jumping, pilates, Gap, Zumba, Zumba Step, Tonificación, Core e Aeróbic.

ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE:
Ximnasia mantemento, ximnasia terapéutica, Cociña, Ioga, Informática e Manualidades. Como novidades para este curso ofértase: Robótica, bailes de salón, xadrez e escola de espalda.

As actividades darán comezo no mes de outubro e nos próximos días informarase á veciñanza do inicio do prazo de inscrición para solicitar praza nas distintas modalidades, recordando que a admisión nas actividades se fará por estrito orden de inscrición no Rexistro do Concello de Melide.

Taller gratuíto para familias e profesionais o día 25

Dende o Concello de Melide vaise levar a cabo un taller gratuíto para profesionais e familias que ten entre os seus contidos temas tan variados como "Introdución á mediación", "Roles na familia", "Rol de parella e Rol parental" ou "Diferentes formas de enfrontarse aos conflitos".

O taller vai ter lugar na sala de conferencias do edificio multiusos de Melide o mércores 25 de setembro en dúas quendas. A primeira delas estará orientada aos profesionais e desenvolverase en horario de 10 a 14 horas, mentres que na segunda quenda desenvolverase o taller orientado a familias en horario de 16 a 19 horas.

Máis información e inscricións no Centro de Información á Muller (CIM) de Melide, no Centro Social, tamén chamando ao número de teléfono 981 50 57 06 ou no enderezo electrónico cim@concellodemelide.gal.

O prazo para poder inscribirse remata o 18 de setembro.

Curso dirixido a coidadoras de persoas dependentes

O Concello de Melide levará a cabo unha serie de talleres gratuítos dirixidos a coidadoras de persoas dependentes. Terán lugar no edificio multiusos todos os xoves en horario de mañá, de 10.30h a 12.30h, dende o 19 de setembro e ata o 31 de outubro.

Segundo explicou Carmen Liñeira, concelleira de Política Social, "poñerase á disposición das participantes unha serie de ferramentas e apoios co obxectivo de minimizar as problemáticas derivadas do coidado".

Así por exemplo, entre os aspectos que se traballarán nos diversos talleres atópase a saúde e o autocoidado, as relación afectivas, a maneira de xestionar posibles conflitos que xorden no día a día no coidado das persoas dependentes, así como tamén se vai impartir un taller centrado na comunicación e nas habilidades sociais.

As inscricións poden realizarse no departamento de Servizos Sociais ou no teléfono 981 50 57 06.

Trátase dun proxecto da Fundación Mujeres en colaboración coa Deputación da Coruña para a mellora da saúde e da calidade de vida das coidadoras informais de persoas dependentes.

Alertan da estafa telefónica da "revista da Garda Civil" en Melide

A propietaria dun local de hostalería de Melide sufriu un intento de estafa o pasado martes día 10 de setembro a través dunha chamada telefónica. Segundo o seu relato, a primeira hora da mañá recibiu unha chamada ao teléfono fixo do local na que "un señor cunha voz imponente" dicía chamar en nome dunha "asociación de forzas de seguridade do estado e da Garda Civil". "Díxome, verá, estamos facendo unha revista para colaborar cos huérfanos da Garda Civil' –ou algo así–, e solicitamos este ano a colaboración dos empresarios da hostalería. Cedémoslle un espacio publicitario na nosa revista e solo ten que darme os seus datos".

A solicitude dos datos persoais motivou a desconfianza na responsable do local. "Díxenlle, mira, eu os meus datos por teléfono non llos dou a ninguén. E entonces díxome que eles estaban na Coruña e que non podían andar desplazándose porque xa estaban chamando fóra do seu horario laboral, e que encima que o facía desinteresadamente".

Ante a insistencia do descoñecido a dona do local negouse de novo a facilitar os seus datos aducindo que descoñecía se realmente era "un garda civil ou calquera outra persoa" a que estaba ao outro lado do teléfono.

Nese punto a conversación cambiou de ton, "ofendeuse todísimo, e empezoume a decir, 'o que me faltaba encima, levo trinta anos no meu posto e téñome que atopar con xente coma vostede que aínda encima me trata coma se fora un estafador', así que o escoitarlle eso díxenlle hasta luego, buenos días e colguei", explica a responsable do local que xa puxo os feitos en coñecemento da Garda Civil de Melide.

Nesta ocasión, a propietaria do establecemento xa non deu pé a que lle solicitasen ningún tipo de información máis –como por exemplo datos bancarios–, pese a que nun primeiro momento a persoa que realizou a chamada "parecía fiable". "O principio da conversación creíno porque era unha voz que ata me impresionou, pero logo vendo como se enfadou colguei. Despois busquei en Internet e xa vin que había máis casos, e eran exactamente palabra por palabra o que che acabo de contar, unha estafa", engadiu a muller.

Non é a primeira vez

O azar, ou a minuciosa selección dos estafadores, quixo que este non fose o único nin o primeiro intento de estafa que sufriu a propietaria deste bar. E é que xa a comezos do verán recibiu outra chamada na que lle alertaban de que lle ían cortar a luz por impago. "Chamei a miña compañía e pregunteilles se tiñan algo que ver e dixéronme que non, que eu tiña todo ben, pero o máis curioso é que non era eu a única á que intentaran estafar, pois xa lle chamaran máis clientes alertando do sucedido", dixo.

Dende a compañía Hidroeléctrica Luminey de Melide, onde a propietaria do local ten o servizo de luz, confirmaron que varios dos seus clientes pasaron por esta situación. "Si que houbo unha vez que nos chamaron como catro ou cinco clientes, sobre todo clientes propietarios de negocios, dicindo que tamén foran vítimas deste intento de estafa. Concretamente un deles explicounos que o chamaran coa escusa de que tiña un recibo devolto, cousa que é totalmente falsa, e que tiña que chamar a un número 900 para facilitar os seus datos".

No seu momento, esta situación tamén foi posta en coñecemento da Garda Civil por parte da compañía eléctrica, dende a cal lembraron que "nós nunca imos ás casas a dicirlles que un recibo está mal, nin imos a cobrar nunca en man polas casas, e tampouco a ofrecer descontos porta por porta, así que, que desconfíen sempre dese tipo de situacións, porque ademais en caso de ter que cortar a luz sempre se comunica con antelación e sempre se dan unha serie de prazos".

Pola súa parte, dende o instituto armado confirmaron que "a Garda Civil nunca chama pedindo fondos para ningún tipo de publicación" e que a escusa da revista responde a unha estafa, polo que cumpre extremar as precaucións.

Gandeiros de Toques sofren os estragos do xabaril nas colleitas

Reclaman solucións a un problema ao que agora hai que engadir os roubos dos pastores eléctricos

Un ano máis, outra colleita e a mesma situación que se repite temporada tras temporada. O xabaril segue a causar estragos nas fincas dos agricultores que contemplan impotentes como os animais botan a perder o millo e desfán as leiras pese a facer uso de todo tipo de medidas disuasorias.

Entre os últimos afectados atópase un gandeiro de Toques, con terreos na zona de Vilares e San Julián, que despois de pechar as fincas con aramado eléctrico conectado ao correspondente pastor, viu como o xabaril rematou por atravesar o valado eléctrico.

"Debemos ter valadas unhas 20 ou 25 hectáreas de millo, iso mínimo, e poñer o pastor adoita resultar efectivo, pero ao final o xabaril entrou igual", explica este gandeiro de Toques que tamén lamenta que co ruído das bombas nas festas e o ladrido dos cans cando saen os cazadores, o xabaril asústase e non se detén ante nada. "Dálle igual a corrente, con tal de fuxir leva por diante o que sexa", di. "Logo claro, se entra na finca que está valada non dá saído e a desfeita é aínda peor, abonda con ver como está todo pateado darredor do peche polo lado de dentro", engade.

Con isto, sinala o agricultor, non é suficiente coa colocación do pastor senón que se fai necesario comprobar os terreos a miúdo.

Solucións que non chegan

A demanda de solucións, ao igual que o problema, tamén se repite ano tras ano. "Ten difícil solución, pero unha delas podería ser aumentar a caza", sinala. "E en canto ao tema das indemnizacións cando hai estragos do xabaril, a única vez que a nós nos deron algo foi un ano no que se celebraron eleccións autonómicas no mes de novembro, coincidindo coa temporada do millo. Daquela si, viñeron a mirar e tamén nos concederon a indemnización inmediatamente, pero despois nunca máis. O ano seguinte tivemos un destrozo multiplicado por dez e nada, nin sequera viñeron a mirar, e coma nós os demais afectados. É inútil solicitar unha indemnización, cando dan vido, se é que veñen, ao mellor xa tes o millo recollido", lamenta.

Do mesmo xeito, este agricultor, que tivo que facer fronte ao roubo do pastor eléctrico o ano pasado, criticou que a Administración anuncie subvencións para comprar ditos aparellos cando á hora da verdade "caen en saco roto, ademais de ser unha partida moi pequena para tantos afectados", dixo. O gasto medio que supón repoñer o aparato oscila entre os 400 e os 600 euros.

Período de caza

A tempada oficial de caza para o xabaril está aberta dende o pasado 24 de agosto, e prolongarase ata o vindeiro 29 de febreiro, un mes máis que o ano pasado. A ampliación deste período hábil foi acordada ao entender que esta medida contribuiría a facilitar o seu control poboacional ante a "sobreabundancia detectada".

Nas imaxes pode apreciarse a desfeita que causou o xabaril ao entrar na finca (arriba), e as pisadas que deixou o animal ao carón de todo o aramado eléctrico, unha vez no interior da leira, pese a ter un pastor conectado á corrente

Arranca o curso no colexio de Sobrado sen os docentes que pedían

Comezou o curso escolar e finalmente o colexio Virxe do Portal de Sobrado dos Monxes continuará sen os dous profesores que a Consellería de Educación decidiu suprimir ao reducirse o número de escolares en catro alumnos; de 48 a 44.

A presidenta da Anpa, Carolina Vázquez, explicou que na reunión mantida co inspector de Educación o pasado venres 6 de setembro, non se lles ofreceu ningunha solución máis que a de agrupar aos alumnos de diferentes idades nunha mesma aula. Deste xeito, os cursos de primeiro, segundo e terceiro de primaria estarán nunha aula; e os cursos de cuarto, quinto e sexto, noutra.

"O ano pasado estaban primeiro e segundo xuntos, terceiro e cuarto, e quinto e sexto, e así organizábanse doutra maneira e o profesor era quen de dar as clases como tiñan que ser, pero agora non, porque ao agrupalos en dúas aulas quítannos dous profesores porque xa que-

Concentración de protesta o primeiro día lectivo (C.S.)

darían un por grupo", explicou a presidenta da Anpa. "Na reunión tamén lle dixemos –engade Carolina– que aceptabamos que agruparan o número de nenos, pero que polo menos tivésemos a opción, polo número de profesores, de desagregar un pouco os grupos para darlles as materias troncais prestándolles máis atención, como fan noutros colexios do arredor, pero dixéronnos que imposible, que nós cumpriamos o número de profesores que nos correspondían".

A falta de docentes vai implicar que se lle prive aos nenos de continuar con proxectos que xa estaban en marcha. "Vaise reducir o tempo de clases dedicado a cada curso, privando aos nenos dos beneficios dos proxectos que se estaban levando a cabo", criticou a presidenta do colectivo, que tras manifestarse xunto aos demais pais ás portas do colexio o primeiro día lectivo e non enviar aos alumnos ao centro, agora agardarán a ver "como se vai desenvolvendo o curso" antes de tomar calquera outra decisión.

Piden o cesamento do concelleiro vinculado ás balsas de lodos en Sobrado

O Partido Popular de Sobrado, a través da súa voceira, María Jesús García Souto, fíxose eco da "preocupación que existe entre os veciños do concello" trala aparición de lodos procedentes de diferentes balsas, supostamente ilegais, en diferentes parroquias, e que poñen en perigo o medio ambiente do municipio.

"En máis dunha ocasión os lodos desbórdanse e corren monte abaixo cara o Mandeo e os seus afluentes", apuntou García, quen tamén destacou "os fortes olores" que producen.

Ante esta situación, desde o Partido Popular presentaron un escrito no que reclaman que o Concello facilite unha copia sobre as licenzas de actividade outorgadas para a construción dos depósitos e para o almacenamento de lodos, e que se informe sobre as medidas concretas que adop-

tará o goberno local para velar por que se cumpra a normativa ambiental.

García Souto tamén pediu o cesamento do concelleiro Juan Antonio Veiga Sánchez, "vinculado directamente ao depósito de lodos", ante a gravidade do asunto, e alertou de que "nos últimos días estanse levando a cabo traballos de recheo de algún dos pozos de lodos", no que cualificou como un "intento de ocultar todo o problema".

Por outra banda, os populares tamén reclamaron, a través doutro escrito, a convocatoria urxente dun pleno extraordinario no que se informe, ademais do asunto da aparición dos lodos, sobre o traslado ao vertedoiro de As Pías dos residuos procedente de Nostián.

En relación a isto, o Concello asegurou a través das súas redes sociais que respectarán toda actividade industrial recalcando que "por riba de todo se atopa o benestar dos veciños e veciñas de Sobrado".

BREVES DA COMARCA

Dúas peticións en Toques para poñer en marcha a Casa Niño

A apertura dunha Casa Niño no municipio de Toques está cada vez máis preto de ser unha realidade; así o confirmou o tenente de alcalde, José Ángel Penas (BNG), destacando que xa contan con "dúas peticións para a cesión do local".

Á espera de que se aproben os proxectos por parte da Xunta, dende o Concello valoran de xeito moi positivo a instalación dunha Casa Niño no municipio. "Parécenos unha idea xenial, todo o que sexa facer cousas para mellorar os servizos dos veciños sempre é benvido, e sobre todo isto, cando sabemos que moita xente ten que levar os seus rapaces a outros concellos porque aquí non hai ningún servizo parecido", explicou Penas.

O local para a posta en marcha desta infraestrutura atópase situado no antigo edificio do Concello, moi preto do actual consistorio.

Santiso ampliará a área recreativa O Liño cunha achega do GDR

Se no mes de xuño era a quenda dos proxectos empresariais, coa concesión de achegas por un importe de 450.000 euros a 5 proxectos (entre os que se atopaba o dunha nave de venda de maquinaria en Melide), agora en setembro foi a quenda para as achegas a proxectos públicos; é dicir, subvencións para os proxectos dos Concellos.

Neste senso, foron concedidos un total de 270.000 euros para catro proxectos municipais no transcurso da reunión da Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo celebrada o pasado 4 de setembro.

Entre os proxectos non produtivos aprobados promovidos por Concellos, Santiso ampliará a área recreativa O Liño, na parroquia de Arcediago, á beira río Ulla. "É este un sitio frecuentado por bañistas, e tamén o lugar de celebración anual da festa do río", lembraron dende o GDR. "Con esta ampliación dotarase de máis servizos: pista deportiva, parque infantil, aparcamento para autocaravanas e máis espazos verdes para gozar xunto ao Ulla". Este proxecto ten un orzamento para a adquisición e acondicionamento da finca de 126.000 euros, e unha achega do Leader do 78%.

Investimentos en Sobrado

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, reuníronse para abordar diferentes investimentos neste municipio. Dende o organismo provincial informaron de que están pendentes dun informe de Patrimonio para licitar a segunda fase da ampliación da estrada DP 8001 de Cruces a Penablanca, na que se investirán 544.614 euros.

Pola súa parte, o goberno municipal informou de que prevé empregar parte dos fondos do Plan Único para acometer unha renovación integral da praza do Portal que dá acceso ao mosteiro de Sobrado (uns 3.400 metros cadrados). As obras terán un custo de 150.000 euros.

Lisardo Santos e González Formoso falaron tamén acerca do proxecto do goberno municipal para construír un centro de día na localidade. O alcalde explicou que o Concello planea adquirir uns terreos para a edificación, que tería capacidade para atender a uns 25 maiores, e estuda tamén os custes que tería o sostemento da infraestrutura, que contará con apoio económico da Deputación para a súa construción en 2020.

Deporte

A Deputación da Coruña destina este ano 370.986,98 euros para apoiar a 98 clubs e entidades de distintas disciplinas deportivas da provincia na mellora das súas infraestruturas e equipamentos. O Boletín Oficial da Provincia xa publicou a concesión provisional desta liña de subvencións que oscilan entre os 1.000 e os 17.500 euros.

Medio Ambiente

A Deputación da Coruña financiará con 83.565 euros accións de mellora medioambiental en 39 concellos da provincia, entre os que se atopa o de Melide, e que recibirán axudas de algo máis de 2.000 euros para financiar pequenas accións que, dende o ámbito municipal, contribúan a manter e mellorar o entorno natural e a calidade ambiental da provincia da Coruña. Entre esas accións inclúense o control de especies invasoras ou a loita contra a avespa velutina, entre outras.

Cultura e Turismo

A Consellería de Cultura e Turismo destina 190.000 euros aos concellos da comarca da Santiago en diferentes liñas de axudas, como por exemplo o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, a contratación de persoal nas oficinas de Turismo ou a promoción das festas de interese turístico de Galicia. Neste senso, o municipio de Toques recibirá 6.691,21 euros para a mellora das infraestruturas turísticas e culturais do concello, mentres que Melide percibirá un total de 6.000 euros a repartir entre a Festa do Melindre e da repostaría tradicional (3.000), e campañas de sensibilización fronte á violencia sexual (outros 3.000).

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS

- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK
life is on A Sonova brand

MIS MEJORES LABORES

* Puericultura
* Lencería
* Mercería
* Infantil

Tlf.: 981 50 90 85
Ronda da Coruña, 38 - MELIDE

MERCERÍA
ISABEL

Rúa Camiño de Ovedo, 3 · Melide
Teléfono: 981 50 52 56

TOQUES
Panadería

Especialidad en empanadas y tartas variadas.

Tfno./ Fax: 981 50 48 80
Souto - TOQUES (A Coruña)

Panadería
Pastelería
Cafetería

Pollos asados para llevar.

Tfno.: 981 50 51 81
Avda. de Lugo, 31 - 15800 MELIDE (A Coruña)

TRISQUEL
pasteleria

Pastelería artesá

R / Novoa Santos 32, Baixo · Melide
Teléfono: 981 50 50 98

CAMPAÑA

VOLTA AO COLE

2019-2020

Festa Infantil

27 SETEMBRO

de 17:00 a 20:00 h

Parque **Rosalía de Castro** de **MELIDE**

En caso de choiva, Pazo de Congresos

Para poder acceder a festa é necesario a presentación dun ticket por un importe igual ou superior a 10€ de compra de algún dos establecementos asociados a ASETEM CCA, con data de entre o 1 e o 27 de setembro de 2019.

RECORDA !!
POR TICKETS DE VALOR IGUAL OU SUPERIOR A 60€ BENEFÍCIATE DO BONO ASETEM

*Consulta as bases da Campaña en www.asetem.com

Organizan: CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM · Xanela ocio e animación

Colaboran: Concello de Melide · Xunta de Galicia

“A miña nai cambioulle a vida para mellor o vir aquí, séntese como na casa. É a súa casa”

Entramos na Casa do Maior de Santiso e ao traspasar a porta toda idea preconcibida desaparece. Esfúmase. Esther e “as súas chicas” -como a ela lle gusta chamalas- están na súa casa, porque precisamente iso é o que é, un fogar coa súa ampla sala de estar onde poder facer ximnasia ou ver a tele, cociña, un baño amplo e totalmente acondicionado, e mesmo unha pequena sala de actividades.

Non hai un só detalle que nos traia á memoria palabras como centro de día ou residencia. Todo está deseñado e coidado con esmero, proba diso é por exemplo a varanda de madeira que empregan para facer o paseo de ximnasia -“mellor de madeira, di Esther, que é máis quentiña”-. Pero se hai unha cousa que sobresae por encima de todo e que afasta da nosa mente o concepto de centro para maiores, é o ambiente familiar que se respira, o calor humano e a ilusión que desprenden tanto Esther como “as súas chicas”: Obdulia, Presenta e Remedios. Tanto é así que mentres nós percorremos as instalacións oímos de fondo como non deixan de ‘parlotear’ e, de vez en cando, soltar algunha que outra gargallada.

Teñen entre 83 e 91 anos e todos os días acoden puntualmente a pasar unhas horas do seu tempo á Casa do Maior. A primeira en chegar é Obdulia, que como a súa filla Inés traballa polas mañás xa entra ás sete e media e marcha preto das tres e media, que é cando a recollen de novo. Sobre as dez da mañá chega Presenta, e arredor das once Remedios, quen dispón antes na súa casa do servizo de Axuda a domicilio, un servizo totalmente compatible coa Casa do Maior.

É un venres e tomamos o té con elas, porque na Casa do Maior de Santiso todos os días puntualmente ás 12 do mediodía toman o té, pican algo de froita e comparten charla despois de realizar as actividades pertinentes.

“Encóntrome tan ben aquí que veño encantadísima, e Esther é unha persoa moi boa con nós, non vexas o que nos fai traballar. Pero nós cando non entendemos algo chamámola e dicímoslle, mira, por favor oh, tes que nos explicar esto outra vez porque o que nos dixeches olvidóusenos. E ela volve outra vez e explícanos de novo, non se pode prestar máis do que se está prestando, de verdade”, comenta entre risas e emocionada Obdulia.

De esquerda a dereita: Inés (filla de Obdulia), Esther (responsable da Casa do Maior de Santiso), Remedios, Presenta e Obdulia tomando un té a media mañá

E para as familias supuxo un respiro e unha alternativa onde poder deixar a seus pais con total tranquilidade durante unhas horas. “Se traballas, como é o meu caso –explica Inés– non podes marchar tranquila sabendo que túa nai queda sola. Un día vin o centro médico e coincidiu que había unha xornada de portas abertas na Casa do Maior. Entrei a visitala e estiven falando con Esther. Pregunteille todas as dúbidas que tiña, e dende o primeiro momento soubo contestarme a todo e resolverme as dúbidas cunha profesionalidade absoluta. Tanto foi así que en nada xa arranxei os papeis coa asistente social”.

Para Inés esa tranquilidade foi fundamental, así como a idea de que súa nai non entraba a unha residencia. “Vin isto como algo moi diferente a unha residencia, isto é como estar na túa casa e encima acompañadas permanentemente por unha coidadora. Para conciliar a vida familiar non pode haber mellor alternativa. Todos temos que traballar e para facernos cargo dos nosos maiores hoxe en día non o temos nada fácil, por iso eu sempre digo que no meu caso, a Casa do Maior é o mellor que puideron facer en todo o concello. A tranquilidade que tes non hai nada que o pague. Están atendidas, fan actividades, conversan, e encima é un servizo gratuíto, só pagas a comida en caso de que se queden a comer... vamos, a miña nai cambioulle a vida para mellor ao vir da casa para aquí. Séntense como na súa casa, porque é a súa casa”.

“O peor é botar aquí pouco tempo”, engade Remedios cun sorriso, “a min pásaseme rapidísimo, estou encantadísima”. Remedios dispón do servizo de Axuda a domicilio, compatible coa Casa do Maior por un máximo de catro horas.

Entre as actividades que realizan ao longo da mañá están a pintura, debuxo, ximnasia e como di Remedios, o “dederedé”: conversar, conversar e conversar, cousa que a Remedios lle gusta moito. “Eu falo pouquiño –di Presenta– o mellor estou facendo as miñas cousas e estou calada, e cando empecei a vir case non coñecía a Remedios, pero agora si, falamos máis, porque a ela gústalle moito falar, e así pasamos o tempo”. Para Presenta o mellor momento é o descanso do té, o “recreo”, como lle chama Remedios. “Estamos como na nosa casa, ou polo menos así nos sentimos, como na casa”, engade Obdulia.

E tanto é así que entre as normas que rexen na Casa do Maior de Santiso están a de “divertirse, cometer erros, e que non se falen cousas tristes, iso por encima de todo”, afirma Esther.

Que haxa actividades, entretemento e conversa non quita que Esther xestione un rexistro diario coa tensión, estado de ánimo, comidas, etc, de cada unha das usuarias. “Temos unha rutina que xa coñecen, e iso é importante para elas, para que se sintan cómodas, pero ao mesmo tempo están controladas diariamente sobre o seu estado de saúde. Ademais, poden vir a visitalas os familiares cando o desexen, porque para iso están na súa casa”.

Con todo isto, tanto Inés, filla de Obdulia, como Esther, responsable de xestionar a Casa do Maior, non entenden como non hai máis demanda. “Aínda quedan dúas prazas libres e non entendo como a xente non solicita praza, sabendo que ademais é un servizo gratuíto e que están ben atendidos”, di Esther.

Inés pola súa parte achaca que non haxa unha demanda completa ao descoñecemento e á falta de información. “Algunha xente dime, ‘non sei como metes alí a túa nai, se está mellor na súa casa’, e eu dígolles, pero é que está na súa casa e moi ben atendida, porque non está sola. Eu marcho traballar e sei que queda segura, podo estar tranquila, cousa que non ocorre na miña casa. E despois tamén hai xente que cre que por vir aquí lle van a cobrar algo ou lle van a quitar algo da pensión, e non é así. Para nada. O servizo é totalmente gratuíto e só pagan a comida no caso de que se queden a comer algún día, que ademais é unha cantidade insignificante. Eu entendo que a xente ten medo ás cousas novas e aos cambios, pero creo que se probaran esta experiencia serían conscientes do respiro que supón para as familias, e da melloría que supón para os maiores. Temos unha xoia no concello e non a estamos aproveitando”.

Con este servizo, o máis importante para Esther é darlle unha vellez digna aos nosos maiores. “Moitas veces na propia casa os fillos non temos tempo para falar aínda que queiramos, e aquí poden relacionarse con outra xente e ser escoitados”.

A Casa do Maior de Santiso abriu as súas portas a comezos do mes de xullo e a día de hoxe conta con tres usuarias e dúas prazas libres (o máximo é de cinco). Está dirixida a persoas maiores de 60 anos do concello de Santiso e municipios limítrofes que acrediten unha valoración de grao 1 ou 2 de dependencia.

Os usuarios poden permanecer nas instalacións ata un máximo de oito horas ao día de luns a venres e o servizo é totalmente gratuíto, agás a comida. Para solicitar praza só teñen que acudir ao asistente social para que tramite unha nova revisión do grao de dependencia expresamente para a Casa do Maior, que realizará a Xunta.

O Cire Melide arranca a temporada cunha vitoria e cargados de ilusión

O club, que estrea directiva, fai balance do torneo de verán

O Cire Melide arrancou a temporada 2019-2020 e non puido facelo de mellor maneira, pois o equipo sénior estreouse na competición de liga con vitoria na Estrada, ante o Estradense B, por 1 a 2.

Arranque da competición para o primeiro equipo do Cire na Estrada

Arrancan así unha nova temporada na que o primeiro equipo, que actualmente compite en segunda autonómica, está en condicións de loitar polo ascenso, "tanto co equipo confeccionado como co corpo técnico actual", sinalaron dende a directiva. "É máis, no equipo xuvenil do Cire temos agora mesmo rapaces con calidades extraordinarias que nos permitirían botar man deles para o primeiro equipo en calquera momento". Con isto non é de estrañar que a temporada veña cargada de ilusión e ganas, "queremos que a xente veña ao campo a apoiar o Cire e transmitirlles esa mesma ilusión coa que nós arrancamos".

Nova directiva

Á ilusión deste proxecto súmanse algúns cambios na organización do club que estrea directiva con cinco novos membros que se suman ao equipo anterior; unhas novas incorporacións dende as que non quixeron deixar pasar a oportunidade para "agradecer o labor e o esforzo realizado ata o de agora, buscando sempre o mellor para o Cire".

Pechados os cambios, o primeiro reto ao que se enfrontou o club melidense foi o torneo de fútbol sala de verán. Así, durante o mes de xullo xa traballaron en botar a andar unha nova edición do mítico torneo de agosto que cada ano se vira un pouco máis complicado celebrar debido á dificultade para que se apunten equipos.

En palabras dos membros da directiva, "é curioso como resulta difícil atopar equipos que veñan a disputar o torneo de agosto, mentres que logo a nivel afección a resposta e seguimento é incrible; por iso creo que temos un gran reto de cara ao ano que vén". Deste xeito, entre os obxectivos para o vindeiro ano está o de "tratar de xuntar un mínimo de catro equipos nas categorías base e feminino para facer o torneo aínda máis atractivo".

Rematado o torneo de agosto o traballo centrouse na confección da plantilla e corpo técnico para o equipo sénior, e organización das categorías base. Cumpre sinalar que o adestrador do primeiro equipo será José Quintás "Popas".

Apoios

Dende a directiva quixeron agradecer especialmente o apoio recibido dende diferentes ámbitos para que o club siga funcionando, "hai que ter en conta que son 170 rapaces máis ou menos, e facer que iso funcione ten un custo elevado", lembraron. Por iso, agradeceron as achegas das familias para as categorías base, o esforzo dos numerosos socios coas súas cotas, así como o traballo de patrocinadores e colaboradores, ademais da colaboración do Concello de Melide que mantén o convenio anual e amosou unha boa predisposición para seguir mellorando as infraestruturas que emprega o club melidense.

CORPO TÉCNICO CIRE MELIDE

- ADESTRADOR SÉNIOR: José Quintás "Popas"
- 2º ADESTRADOR SÉNIOR: Diego Segade
- ADESTRADOR PORTEIROS: Alberto Neira
- COORDINADOR CATEGORÍAS BASE: Diego Segade
- COORDINADOR ÁREA PORTEIROS: Alberto Neira
- ADESTRADORES XUVENÍS: J.A. Miguélez "Yeye" Héctor Morandeira "Mora" (2º Adestrador)

José Quintás 'Popas'



Diego Segade

- ADESTRADOR CADETES: J. Manuel Quintela
- ADESTRADORES INFANTÍS: Dani Iglesias Diego Segade
- ADESTRADORES ALEVÍNS: Héctor Morandeira "Mora" Diego Segade
- ADESTRADORES BENXAMÍNS: Rubén Pampín Alfonso Fariña
- ADESTRADOR PREBENXAMÍNS: Adrián Mourazos

Éxito rotundo de participación no XIII Campionato de Tirapedras

Con récord de participación celebrouse en Melide o XIII Campionato de Tirapedras da Galiza Central. Foron un total de 76 competidores, mulleres e homes de todas as idades (27 menores de catorce anos e 49 maiores desa idade), os que se decidiron a participar nesta edición. Entre eles, melidaos residentes, persoas de vacacións na comarca, e mesmo visitantes circunstanciais e persoas chegadas expresamente para participar no evento.

Foto: AGXPT

As persoas adultas lanzaron a 10 m de distancia contra tres dianas. Os menores fixérono a 5 m. tamén contra tres dianas, e cada lanzador dispuxo dun total de seis intentos. Paralelamente, nalgunhas prazas da vila foi posible xogar á ra, aos zancos ou ao aro.

O gañador absoluto desta edición foi, por terceira vez nas trece edicións celebradas, o experimentado tirador melidao Manuel Taboada Filgueira. O segundo posto foi para o vigués Fernando Santaló, e o terceiro para o vasco Emeterio Morejón. En categoría infantil o gañador foi Christian Cardona, en segundo lugar Merkel García, e no terceiro posto, Pablo González.

O Campionato, celebrado na Praza das Coles, persegue contribuír á recuperación dos espazos tradicionais de xogo existentes no casco histórico de Melide e estivo organizado pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, contando co patrocinio do coñecido establecemento local Adega "Mandil", e co apoio do Concello de Melide, da Sociedade de Pesca Deportiva "Ponte Mazaira" e da Comisión de Festas do San Roque.

LECER NA COMARCA

O venres 13 de setembro a partir das 11.00 horas, na aula de lectura de **Santiso**, celebrarase un obradoiro de contos para a igualdade de xénero. Será a actividade 'A fábrica de corazóns de papel reciclado' co contacontos Carballo con botas. A iniciativa enmárcase dentro do programa 'Ler conta moito' para o fomento da lectura.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo organiza unha ruta ambiental de avistamento de flora e fauna en **Sobrado dos Monxes o venres 13 de setembro** a partir das 15:30 horas. Esta actividade servirá para presentar a guía de flora e fauna local, que máis tarde recibirán como agasallo todos os participantes na andaina. Trátase dunha actividade lúdica e educativa axeitada para grandes e pequenos. As persoas interesadas en participar poderán realizar as inscricións e consultar dúbidas chamando ao 981 511 377.

O **sábado 14 de setembro o edificio multiusos de Melide** acollerá unha xornada de Escape Room de 17:00 a 20:00h dentro do programa Caminos de Ciencia. Caminos de Ciencia é un proxecto de divulgación científica que organiza xornadas de escapismo nos diferentes municipios do Camiño de Santiago. Neste xogo, para público xuvenil e adulto, un grupo reducido de persoas é encerrado nun espazo e dispoñen dun tempo limitado para saír del. Para iso, deben resolver quebracabezas, superar retos e enfrontarse a enigmas. A inscrición é gratuíta e pode facerse a través da web www.caminosdeciencia.site.

A actividade *Camiño Escena Norte*, programa de intercambio cultural con Asturias, Cantabria e País Vasco, levará oito espectáculos destas comunidades a sete localidades galegas seguindo a Ruta Xacobea do Camiño do Norte. Entre esas localidades atópase o municipio de **Sobrado dos Monxes o 12 de outubro**. A programación completa pode consultarse na web www.escenanorte.com.

Melide celebra o San Caralampio

Melide viviu unha das festas máis agardadas, o San Caralampio. Centos de persoas gozaron nas rúas do casco antigo dunha xornada festiva na que non faltaron a música, actividades e por suposto os pementos e o viño. Este ano como novidade ademais, dende o Concello de Melide instalouse un Punto Violeta; un posto con material divulgativo e profesionais con experiencia e voluntarios que ofreceron información e asesoramento sobre as agresións sexistas e o apoderamento feminino.

Foto: Turismo Melide

A Escola Ayude prepara a temporada

Gyor, en Hungría, foi a cidade elixida para disputar o campionato de Europa cadete-junior de kickboxing con 39 países participantes e 2.000 inscricións. A selección española, composta por 26 competidores (entre os que se atopaban tres galegos: Eugenia, Paula e Nahum da escola Ayude de Santiso), conseguiu facerse con 26 medallas. Nesta ocasión Galicia non puido aportar ningunha. Nahum, que partía con claras opcións de medallas, non puido acceder a elas ao ser descualificado no enfrontamento coa estrela do país anfitrión por "decisións arbitrais", pero deixou a marca España en Hungría con selo de calidade. A partir de agora a escola Ayude comeza a próxima temporada con maiores perspectivas.

Festa infantil para despedir o campamento

O Concello de Melide puxo o punto e final ao campamento urbano (celebrado a primeira semana do mes de xuño, todo o mes de xullo e ata o 9 de agosto), cunha gran festa final na que non faltaron inchables e diferentes xogos. Nesta edición dos campamentos, organizados nas instalacións do colexio número 1 e no edificio multiusos da vila, participaron centos de nenos e nenas con idades entre os 3 e os 12 anos.

Visita a Vigo para pechar o curso

O alumnado do Centro Ocupacional de Melide desprazouse ata Vigo para visitar o zoo e coñecer a cidade na súa excursión de final de curso; un curso que rematou a mediados de agosto e que se volverá a poñer en marcha este mes de setembro. Durante a excursión tamén tiveron tempo para visitar a Casa do Mar. Foron un total de dez os usuarios e usuarias os que participaron nesta iniciativa acompañados pola súa profesora e pola concelleira de Política Social, Carmen Liñeira.

Retiran 130 quilos de lixo en dúas xornadas de limpeza no río Furelos

Fotos: ATRF



As dúas primeiras xornadas de limpeza do río Furelos organizadas polo colectivo de troiteiros de Melide, na súa décimo quinta edición, deixaron un total de 130 quilos de lixo recollido; uns 60 na primeira xornada e 70 na segunda.

O primeiro día o percorrido abrangueu uns 3 km, dende a Ponte Mazaira ata a ponte da Pedra, mentres que na segunda xornada limpouse o treito de 4 km que vai dende a Ponte da Pedra ata a Ponte de Fraga, traxecto que discorre na súa meirande parte polo concello de Toques.

Entre o lixo recollido: plásticos, botellas e latas, calzado e algunha roupa, unha cría de corzo morta, metros de cordeis, potas, pneumáticos e ata unha peza de ferro duns 30 quilos, 85cm de altura e 45 de diámetro que foi "a sorpresa deste ano".

Segundo puideron saber dende a asociación de troiteiros "trátase da peza dunha trituradora de materiais agrícolas, especialmente toxos ou xestas, dos anos 30-50 do século pasado. Dita peza permanece na custodia da asociación por se fose do interese dalgún coleccionista ou museo", sinalaron.

Pola súa parte, o lixo correspondente xa foi trasladado o punto limpo. A última das xornadas de limpeza do río Furelos celebrarase o sábado 14 de setembro, e dende a organización convidan a "toda a cidadanía a participar".

A comedia, a gran protagonista do oitavo ciclo de teatro de Charamela

Celébrase na Casa da Cultura do 5 ao 26 de outubro

É unha das citas ineludibles chegado o outono e que este ano acada a súa oitava edición, falamos do ciclo de teatro afeccionado "O Teatro no Camiño" que organiza a Asociación Cultural Charamela de Melide.

Dará comezo o sábado 5 de outubro e rematará o día 26 do mesmo mes. Durante ese período sucederanse cinco xornadas de representacións a cargo de diferentes grupos teatrais chegados de varios puntos da xeografía galega. "Veñen grupos de todos os lados, de Verín, de Palas, de Sarria, e ademais hai algún grupo que xa estivo outras veces, pero outros veñen agora por primeira vez. A verdade é que estamos moi orgullosos do cartel que temos e cremos que vai gustar moito á xente porque son grupos bos, dentro do teatro afeccionado claro, pero moi bos", destacou a presidenta da asociación, Mary Gómez Neira.

Ao igual que en edicións anteriores, dende a organización agardan unha boa acollida por parte do público, tanto na representación de Charamela como nas demais actuacións. "É certo que sempre hai moita xente que vén a vernos a nós –di Mary–, porque claro, somos do pobo e quérennos, pero tamén nos gustaría que viñeran a ver os demais grupos con esa mesma afluencia, porque de verdade que hai grupos moi bos e que merecen moito a pena velos. Ademais, así tamén vemos outras formas de facer teatro", engade.

Pola súa parte, todas as representacións do ciclo de teatro son aptas para todos os públicos e con temática variada, así o destacou a presidenta de Charamela. "Hai obras que son máis modernas, pero sempre aptas para todos os públicos. A maioría delas, creo que case todas, son obras cómicas porque a min gústame moito que a xente se ría, e á xente tamén lle gusta moito rirse coas obras. Non estamos para pasar penas".

En horario de tarde (ás oito e media, e nove), na Casa da Cultura de Melide e con entrada gratuíta, veciños e visitantes poderán gozar durante todo o mes de outubro con representacións como "WC (O baño)", primeira das obras encargada de abrir o ciclo; ademais de outros títulos como "O euromillón", "Sé infiel e non mires con quen" ou "O achado do castro".

Os encargados de pechar o oitavo ciclo de teatro afeccionado o día 26 serán os integrantes da Asociación Cultural Charamela coa obra "Agárrate que veñen curvas!"; unha peza na que interveñen once actores.

Con esta nova edición do ciclo "O Teatro no Camiño" Charamela persegue unha vez máis o obxectivo de darlle ao teatro afeccionado a importancia real que ten; "temos que ter en conta que de grupos destes de afeccionados saíron moitos actores profesionais que hai hoxe en día en escena", lembrou Mary.

Dende a organización convidan a todos os veciños a achegarse á Casa da Cultura de Melide para gozar dun outubro teatral "con todos os grupos".

MEyPA
Instalaciones eléctricas
663 972 281
info@meypainstalaciones.es
INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS
(Subvencionable hasta el 40%)
TRAMITACIÓN DE SUBVENCIONES
INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO
Síguenos en:

O galo 'cansa' e a galiña chora... na televisión

Remata o verán. Un verán atípico en canto o climatolóxico, pero un verán típico en canto ás noticias que enchen os informativos (os grandes informativos nacionais). Por alá por xuño comezamos con que chegou o fin do colexio, que que farán agora os pais cos nenos. Levalos a campamentos de verán case o día seguinte. En xullo e en agosto bombardéannos con "que calor fai e que tipo teño na praia", coméntannos coma sempre que o paro baixou, e as estrelas do cine, deporte, etc, que ben o pasan en Ibiza, Marbella ou en Asia.

Pero este ano sorprendéronme cunha nova, un gran debate nacional... disque se comemos ovos (da forma que sexa), que somos partícipes e consentidores dunha violación. Si, resulta que agora o galo é un depredador sexual, que as galiñas choran e están deprimidas.

En fin... Creo que xa chegamos a tal punto de sobresensibilidade e de "buenismo" (teño outros calificativos que ao mellor non proceden), que xa traspasamos a liña da cordura e da sensatez. Non é o mesmo romper a tradición do Toro de La Vega, ou deixar de tirar a cabra dun campanario, que irnos a esta parvada do galo. E si, digo parvada (xa sei que hoxe non se pode falar libremente sen temor a ser xulgado por non dicir a palabra correcta no momento oportuno), porque separar o galo da galiña e tirar cos ovos porque "son froito dunha violación" creo que non entra na coherencia de ninguén. Temos que razoar cos animais como se tivesen a mesma capacidade cognitiva e a mesma moral social que pode ter unha persoa? Cando falamos de especies da natureza que fan o seu ciclo considero que non se pode comparar. Non sei, visto o visto ao mellor son eu o equivocado, pero dende logo moi de sentido común este tipo de extremos como o de que "un galo viola as galiñas"... non mo parece.

Comparto que coidemos e respectemos os animais, e sei de moitos que tendo animais na casa para o consumo propio coidan deles mellor que ninguén. Podo entender que haxa quen coide a súa mascota como se fose un fillo; de feito xa vin cans con zapatos e abrigo, ou incluso nun carriño (fáltame por ver o gato con botas), pero chegar ao extremo de dicir que "os ovos son froito da violación dunha galiña por parte dun galo"..., ou como saíu hai pouco nas noticias, que un grupo de persoas defensoras dos animais asaltaron unha granxa de coellos para "secuestralos" e poñelos en liberdade no monte sen pensar nas posibles consecuencias que iso pode ter. Pero onde nos vai o sentidiño?

Por non falar do feminismo e mesternos en camisas de once varas. En serio pode considerar alguén no seu sano xuízo a acción que fixeron esas persoas no vídeo viral do galo e as galiñas (como xa oín por aí) un acto reivindicativo do feminismo? Iso nin é defensa do feminismo nin da protección animal.



Fraco favor se lle fai ao movemento feminista con cousas como estas, penso eu. De verdade a igualdade entre homes e mulleres radica agora en "separar a galos e galiñas"? En serio? E fraco favor se lle fai tamén ao colectivo defensor dos animais.

En fin, se cada persoa coa súa tolería acaba sendo noticia "seria", cara onde imos nos medios de comunicación? Cara o todo vale? Pois nada logo, todo valerá nun tempo no que ademais, á vez, se esixe respecto con tanta dilixencia. Que se ti non podes..., que se ti non debes..., que se ti non eres quen para... E ti? ti que pides e esixes tanto respecto? que é o que toleras ti? Teriamos para outro capítulo...

Por certo, estou seguro de que cando se lea isto, nos informativos estarase falando do síndrome postvacacional e do custo dos libros na volta o curso, ou de como apuntarse aos ximnasios e perder os quilos que collemos nas vacacións, dos propósitos de setembro de estudar idiomas, viaxar, ou tocar a guitarra... ou mesmo de que o galo cansa e a galiña chora.

Dá igual, estou seguro de que se volvo a ler isto en setembro de 2029 estarei de actualidade, e nos medios seguirán as mesmas novas "serias" e de "máxima actualidade" que se emiten hoxe en día, aínda que iso si, xa non teño tan claro que sexan igual de surrealistas. O ser humano ten esa capacidade de evolucionar tanto nuns aspectos, e retroceder o dobre noutros.

Pablo Lorenzo

Viñeta

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ
Móbil: 601 60 44 88
E-mail: asociacionmelida@gmail.com

“O rural está moi abandonado, e iso implica que se fagan menos herdanzas”

Dende que empezou a estudar tivo claro que quería montar algo pola súa conta, e froito dese interese leva 22 anos coas portas abertas; dende maio de 1997. Nun primeiro momento instalouse na rúa Irmandiños e, dende hai once anos, na rúa Xosé Ramón Fdz. Castro. Entre os seus cometidos, tal e como el mesmo explica, “o típico polo que se coñece aquí a un perito: medicións, herdanzas, informes periciais, algún proxecto e basicamente xestións coa Administración”.

- Cal é o labor dun perito?

- Javier López (J.L.): Cando eu estudei había catro especialidades, pero realmente os labores que temos son moitísimos. No noso caso, tanto a compañeira como eu, do que máis facemos é levantamento topográfico, o que se coñece por medición de terreos e soares e que está moi relacionado hoxe en día co tema do catastro. Practicamente a maior parte das medicións que facemos son para facer correccións catastrais. Logo, á parte de medición de catastro está tamén a elaboración de informes periciais para os xulgados; é dicir, determinadas demandas precisan dun informe dun perito. Exemplos disto serían a ocupación dunha parcela por un colindante, danos en fincas, ou problemas cos lindes cando non sabes onde están os lindes ou os marcos das fincas. Por outra banda, tamén facemos a valoración dos bens en xuízos de herdanzas. Despois tamén realizamos moitas xestións administrativas que nalgúns casos non son estritamente ligadas á nosa profesión. E tamén elaboramos proxectos agrícolas, cando por exemplo tes que sacar licenzas para construír unha nave agrícola ou facer o peche dunha parcela; para iso necesitas un proxecto técnico e unha memoria valorada, que tamén preparamos nós. Igualmente efectuamos legalizacións de pozos de abastecementos de augas, consultas de particulares en oficina e moito máis.

- E tamén esta o tema das partillas

- J.L.: Si, a división dos bens das herdanzas tamén a facemos nós. Realizamos digamos todo o proceso, o que é a revisión da documentación que teñen, se hai que revisar os terreos no sitio, a valoración dos bens, propoñemos uns cupos e despois materializámolo mediante un documento hoxe en día notarial. Basicamente iso é o que se fai.

- En relación ás partillas, realízanse máis ou menos herdanzas que anos atrás?

- J.L.: Levamos uns anos que se fan menos, non hai ese interese que había antes, sobre todo polo tema do abandono do campo. Non é como antes que había un fillo que tiña unhas melloras na casa e nas fincas, e entón si, esa persoa tiña as súas fincas, aos outros irmáns tamén lle correspondían unha parte das fincas, e daquela si que había maior interese, pero hoxe en día non. A xente ten outros motivos e como está moi abandonado o medio rural pois adóitanse facer menos herdanzas que anos atrás.

- Que hai de certo en que aumenta o número de renuncias?

- J.L.: Hoxe está renunciando moita xente á súa herdanza porque non son herdeiros directos e eses son os que realmente teñen que pagar o imposto de sucesións. Se herdas de teu pai, que é familiar directo, practicamente non vas pagar, pero se herdas dun tío, ou dun irmán por exemplo, si. As renuncias de herdanzas que se están dando son principalmente dese tipo, non de pais a fillos, senón doutro grao de parentesco. Por iso o que se está facendo moito é un adianto da herdanza de pais a fillos polo temor de que volvan a baixar o límite para pagar o imposto.

- Son procesos, os das partillas, que se resolvan de forma sinxela e rápida? Ou adoitan virarse complicados?

- J.L.: Algunhas herdanzas a verdade é que son moi sinxelas porque os herdeiros máis ou menos teñen boa relación, de feito iso xa o notas ao principio cando che fan as primeiras consultas, e xeralmente neses casos a verdade é que é unha partición sinxela, ademais de que se deixan guiar pola túa experiencia, non che poñen maior inconveniente, firmas e punto. E logo despois hai outras nas que saltan rencillas que había de antes, rencillas que ti descoñeces e que son motivo suficiente para non levar a cabo as partillas e que moitas delas ao final acaben no xulgado co que iso implica. E digo implica porque ir ao xulgado supón moitos máis gastos, que se prolongue o procedemento moito máis no tempo, e o peor, que os interesados rematen peor e coas relacións rotas.

- É entón o reparto dunha herdanza sinónimo de complicacións?

- J.L.: Sempre hai xente coherente, pero o habitual é se que dea algún tipo de reclamación. Aquí en Galicia, e xa non falo só de solucionar o tema das herdanzas, é raro que as xestións se resolvan á primeira e sen complicacións. Por exemplo, nós traballamos moito o que é o tema do deslinde -cando falta un marco e hai que medir a finca para saber cales son os límites-, e nese caso poucas veces os propietarios chegan a un acordo á primeira. Á xente gústalle, digamos, discutilo. En Galicia aínda hai moito apego á terra, sobre todo á terra que herdamos.

- En que zonas prestan os seus servizos como peritos?

- J.L.: Traballamos moitísimo aquí na comarca, pero tamén facemos traballos fóra dela. Ata hai pouco tempo colaboraba con compañeiros meus e temos feito moita medición na zona da Coruña, na zona de Santiago, Ames, Bertamiráns e Brión. E por aquí, ademais de na comarca tamén en Palas, Agolada, Monterroso e arredores.

- Poden solicitar os seus servizos tanto un particular como a Administración?

- J.L.: No noso caso nós coa Administración non traballamos, só con particulares que tanto poden ser xente do campo como do centro do pobo. Curiosamente ademais temos máis clientes no centro do pobo que nos arredores, porque á parte das medicións facemos tamén as segregacións de terreos urbanos, cando tes unha parcela para urbanizar; e facemos tamén moita valoración de terras próximas ao casco urbano.

- Déuselle o caso de que viñesen veciños que están fóra de Melide a mirar polas súas propiedades?

- J.L.: Si claro. É máis, moitísima xente aproveita incluso o mes de agosto, cando veñen de vacacións, para facer as xestións das partillas; non só veñen ao San Roque (risas). E veñen sobre todo do País Vasco e, en menor medida, de Madrid e Barcelona. O mesmo sucede en períodos como Nadal e Semana Santa, aínda que con menos volume de xente.

- En que consiste a súa intervención nas concentracións parcelarias?

- J.L.: Hoxe en día non tanto, pero hai uns anos si que fixemos bastante concentración parcelaria intervindo en practicamente toda a fase e sempre falando de particulares. Que facemos, pois dámoslle un servizo ao cliente en canto a recoñecemento das fincas, tamén no tema da clasificación dos terreos e igualmente se hai alegacións. Podemos facer alegacións en canto a superficies, ao proxecto, etc. Digamos que temos un campo moi amplo no que podemos actuar. Son ademais procesos moi longos por moitas causas, pero sobre todo polas complicacións dos procesos de alegacións.

- Que diría que é o máis complexo do seu traballo?

- J.L.: A ver, como difícil..., as medicións en principio non son complexas, é un traballo que nos gusta moito porque ademais permítenos saír da oficina. Case diría que o máis difícil é algún informe pericial que facemos para os xulgados, que tamén poden ser moi interesantes, pero ás veces resultan complexos, como pode ser por exemplo a valoración de explotacións agrícolas, ou cando hai unha separación dun matrimonio, por poñer só algúns exemplos. Sería iso, e algunhas herdanzas; aínda que máis que complexo eu diría laborioso.

Peritos Melide
Tlf: 981 50 54 82
R / Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - Melide

VIÑOTECA Ribeirao

Catando a "Tope" con Prada

Sala de Catas (aceites, viños...)

Exposición de viños galegos

Colección de Sifóns

Cata anual (máis de 200 viños)

Algúns asistentes á Cata anual